

2. O informe persoal por traslado será elaborado e asinado polo titor, co visto e prace do director, a partir dos datos facilitados polos profesores das áreas, materias ou módulos.

Disposición adicional única. *Datos persoais do alumnado.*

No referente á obtención dos datos persoais do alumnado, á cesión destes duns centros a outros e á seguraza e confidencialidade destes, observarase o disposto na lexislación vixente en materia de protección de datos de carácter persoal e, en todo caso, o establecido na disposición adicional vixésimo terceira da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.

Disposición transitoria primeira. *Validez do libro de escolaridade do ensino básico.*

Os libros de escolaridade do ensino básico terán os efectos de acreditación establecidos na lexislación vixente ata a finalización do curso 2006-07. Pecharanse mediante dilixencia oportuna ao finalizar o dito curso e utilizaranse as páxinas restantes. Cando a apertura do historial académico supoña a continuación do anterior libro de escolaridade do ensino básico, reflectirase a serie e o número deste no dito historial académico. Estas circunstancias reflectiranse tamén no correspondente expediente académico.

Disposición transitoria segunda. *Vixencia normativa.*

1. Ata o remate do ano académico 2006/2007, os elementos básicos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado de educación secundaria obrigatoria regularanse polo establecido na Orde ECD/1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación, das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

2. Ata a finalización do ano académico 2006/2007, os elementos básicos de avaliación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade do alumnado de educación primaria regularanse polo establecido na Orde do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

1. Queda derogada a Orde ECD/1923/2003, do 8 de xullo, pola que se establecen os elementos básicos dos documentos de avaliación das ensinanzas escolares de réxime xeral reguladas pola Lei orgánica 10/2002, do 23 de decembro, de calidade da educación, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda desta orde.

2. Queda derogada a Orde do 30 de outubro de 1992, pola que se establecen os elementos básicos dos informes de avaliación, das ensinanzas de réxime xeral regu-

ladas pola Lei orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de ordenación xeral do sistema educativo, así como os requisitos formais derivados do proceso de avaliación que son precisos para garantir a mobilidade dos alumnos, no que se refire á educación básica, de acordo co establecido na disposición transitoria segunda desta orde.

3. Quedan derogadas as demais disposicións do mesmo ou de inferior rango que se opoñan ao establecido nesta orde.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Esta orde, que ten carácter de norma básica, excepto nos artigos primeiro, número 3, terceiro (números 2, 3, 4, 5, 6 e 7), cuarto (números 2 e 3), quinto, número 5, sexto, número 5, e oitavo, número 2, dítase ao abeiro do artigo 149.1.30.^ª da Constitución e en virtude do disposto no artigo 12.1 do Real decreto 1513/2006, do 7 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas da educación primaria e no artigo 16 do Real decreto 1631/2006, do 29 de decembro, polo que se establecen as ensinanzas mínimas correspondentes á educación secundaria obrigatoria.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de xuño de 2007.—A ministra de Educación e Ciencia, Mercedes Cabrera Calvo-Sotelo.

XEFATURA DO ESTADO

12350 *LEI 9/2007, do 22 de xuño, sobre regularización e actualización de inscricións de embarcacións pesqueiras no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras e no Censo da Frota Pesqueira Operativa. («BOE» 150, do 23-6-2007.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Censo da Frota Pesqueira Operativa e o Rexistro de Buques e Empresas Navieiras son os instrumentos por medio dos cales a Administración xeral do Estado rexistra as embarcacións que forman parte da frota pesqueira española, e nos cales constan os datos relativos ás súas características técnicas e estruturais e aos seus armadores e propietarios.

A fiabilidade da información contida neses rexistros é esencial, entre outras razóns, para poder levar a cabo un control exhaustivo e unha constatación precisa do esforzo pesqueiro da frota nacional, exixido pola lexislación comunitaria e nacional contida en diversas normas, entre as cales cabe citar o Regulamento (CE) n.º 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, polo que se definen as modalidades e condicións das intervencións con finalidade estrutural no sector da pesca; o Regulamento (CE) núm. 2369/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, que modifica o Regulamento (CE)

núm. 2792/1999 do Consello, do 17 de decembro de 1999, e o Regulamento (CE) núm. 2371/2002 do Consello, do 20 de decembro de 2002, sobre a conservación e a explotación sustentable dos recursos pesqueiros en virtude da política pesqueira común, así como a Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado.

Co tempo, producíronse algunhas diferenzas entre o inscrito nos ditos rexistros e os datos reais relativos ás embarcacións pesqueiras e, de forma especial, en canto ás características técnicas referidas á eslora, a manga, o puntal, o arqueo bruto, a potencia propulsora e o material do casco.

O artigo 113 da Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, regulou a realización dunha actualización extraordinaria das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, e fixou un prazo de seis meses para a presentación das solicitudes e de nove meses para resolver e notificar o procedemento.

Así mesmo, a Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, no seu artigo 112, punto trece, modificou a disposición adicional novena da Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, referida aos censos publicados antes da entrada en vigor da lei, para lles conceder aos propietarios ou armadores de buques de pesca un prazo máximo de seis meses para que solicitasen a reactivación da súa embarcación no Censo da Frota Pesqueira Operativa.

Estas medidas non tiveron o efecto previsto de regularización da frota pesqueira e de actualización de buques irregulares, ao se acoller a elas un número reducido de armadores.

Por Acordo do Consello de Ministros do 29 de abril de 2005, establecéronse actuacións conxuntas entre o Ministerio de Fomento, o Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para mellorar a seguranza dos buques pesqueiros.

O dito acordo recolle, dentro da área de ordenación e control da actividade marítimo-pesqueira, o establecemento dun marco de actuación conxunto fronte ás modificacións realizadas nos buques de pesca que non contén coa preceptiva autorización.

Por todo iso, considérase necesario articular as medidas conducentes á actualización dos rexistros en que están inscritos os buques pesqueiros, de tal forma que se actualicen aqueles datos respecto dos cales houberse variacións non reflectidas neles.

No suposto de que os cambios supoñan incrementos de arqueo ou potencia propulsora, deberanse achegar nos supostos establecidos as unidades operativas pesqueiras equivalentes que compensen os ditos incrementos, de acordo cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros establecidos na normativa nacional e comunitaria.

A lei determina as condicións para a regularización e actualización e articula un procedemento unificado para a tramitación dos expedientes a que darán lugar a regularización e actualización, en cuxa tramitación participarán os órganos competentes das comunidades autónomas, as capitanías marítimas e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Introdúcense determinadas novidades neste procedemento respecto do establecido para o proceso de regularización previsto na Lei 62/2003, do 30 de decembro, de medidas fiscais, administrativas e da orde social, co obxecto de alcanzar un maior grao de cumprimento do obxectivo perseguido pola medida.

Así, cabe destacar, como novidade, que o actual procedemento vai ser impulsado polas comunidades autónomas, adquirindo estas un papel esencial na coordinación da súa tramitación. Así mesmo, os prazos de tramitación e resolución foron ampliados, dada a com-

plexidade do proceso e tendo en conta que a insuficiencia dos prazos do anterior proceso de regularización contribuíu, en parte, a que a medida non obtivese o éxito esperado.

Igualmente, e tamén co ánimo de mellorar as expectativas de éxito desta regularización, introdúcese a cancelación de oficio das inscricións dos buques que non se acollan ao procedemento de regularización e actualización das inscricións no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, de modo que non poderán ser autorizados e despachados para a pesca.

Artigo 1. *Obxecto.*

1. É obxecto desta lei a regularización e actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, dependente do Ministerio de Fomento, así como no Censo da Frota Pesqueira Operativa, dependente do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, daquelas embarcacións de pesca en que o material do casco, a potencia propulsora ou os valores de eslora, manga, puntal ou arqueo non coincidan cos seus correspondentes datos rexistrados.

2. A regularización e actualización da inscrición no Censo da Frota Pesqueira Operativa só procederá cando se resolva favorablemente a solicitude de regularización e actualización da inscrición no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

3. En ningún caso a regularización ou actualización do rexistro ou censo prexudicará os dereitos adquiridos por terceiro a título oneroso e de boa fe durante a vixencia do asento que se rectifique.

Artigo 2. *Condicións de regularización previas á actualización.*

1. Se as variacións producidas respecto aos datos inscritos supoñen un incremento do arqueo ou da potencia propulsora do barco, os seus propietarios ou armadores deberán achegar como baixa as unidades pesqueiras operativas necesarias para compensar os ditos incrementos, de acordo cos criterios aplicables á construción e modernización de buques pesqueiros establecidos na normativa básica estatal en materia de ordenación do sector pesqueiro.

As baixas achegadas deberán ser da mesma modalidade de pesca que a embarcación que se pretenda regularizar e serán necesariamente desmanteladas.

Poderase admitir a achega dunha soa baixa para a regularización dun máximo de dez embarcacións, sempre que estas pertencan a un mesmo porto base.

2. Para a determinación das variacións de arqueo en buques de menos de 15 metros de eslora total, cando a dita eslora total non estea definida na folla de asento do Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, esta calcularase incrementando, ata un máximo dun 25 por cento, a eslora entre perpendiculares, sen que, en ningún caso, o valor así obtido poida superar os 15 metros, nin a eslora total real que se medise.

Se a eslora que figura na folla de asento non está definida, esta considerárase como eslora entre perpendiculares.

3. Admitiranse como tolerancia en arqueo e potencia propulsora variacións menores ou iguais a 0,8 toneladas de rexistro bruto e ata 20 cabalos de vapor de potencia propulsora, debendo achegar os propietarios as diferenzas superiores a 0,8 toneladas, sen superar as potencias máximas establecidas na normativa básica estatal en materia de ordenación do sector pesqueiro. Nas embarcacións menores de 10 metros de eslora admitírase como tolerancia en arqueo unha variación de

ata unha tonelada de rexistro bruto aplicada no mesmo sentido exposto anteriormente.

4. O barco deberá reunir as condicións de navegabilidade e seguraza exixidas pola normativa aplicable e superar o recoñecemento que se practique para tal fin.

Artigo 3. *Singularidade da actualización.*

A actualización da inscrición dun buque pesqueiro só se poderá levar a efecto unha soa vez na vida útil deste.

Non se poderán acoller a esta actualización aqueles buques que se regularizasen con anterioridade.

Artigo 4. *Solicitudes.*

Os armadores ou propietarios de buques pesqueiros deberán solicitar a regularización e actualización das inscricións dos seus buques ante o órgano competente da comunidade autónoma onde o buque teña o seu porto base, no prazo de catro meses a partir da entrada en vigor desta lei. O modelo de solicitude poderase obter directamente da Administración autonómica ou a través da internet.

Artigo 5. *Instrución.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma, co fin de poder determinar con exactitude as variacións existentes nas embarcacións, solicitará da capitania marítima do porto base do buque un informe sobre as ditas variacións da embarcación respecto do inscrito no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

2. A capitania marítima determinará no dito informe as dimensións reais da embarcación pesqueira, cuantificará as variacións existentes e verificará as súas condicións de navegabilidade; así mesmo, a embarcación deberá superar un recoñecemento extraordinario por motivos de seguraza marítima.

O informe da capitania marítima deberá ser emitido no prazo de seis meses desde a súa solicitude pola comunidade autónoma.

A capitania marítima remitiralle o informe á comunidade autónoma e ao interesado, e concederlle a este un prazo de dous meses para a resolución das obxeccións cuxa emenda sexa posible para obter o citado recoñecemento. Durante o transcurso dese prazo entenderase suspendido o procedemento.

3. Á vista do informe da capitania marítima, o órgano competente da comunidade autónoma solicitará do armador ou propietario a formalización da achega das baixas necesarias, de conformidade co establecido na normativa básica estatal en materia de ordenación do sector pesqueiro, e remitiralle o expediente completo ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, no prazo de seis meses desde a recepción do informe da capitania marítima competente.

4. O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación emitirá, no prazo de dous meses, un informe sobre os aspectos relacionados coa competencia estatal en materia de pesca marítima.

Artigo 6. *Resolución.*

1. O órgano competente da comunidade autónoma resolverá o expediente e notificaralles aos interesados, no prazo de dous meses, a resolución sobre a regularización do buque pesqueiro desde o punto de vista da ordenación do sector pesqueiro. Así mesmo, remitiralle a dita resolución á capitania marítima correspondente.

2. As capitánías marítimas resolverán, no prazo de dous meses desde a recepción da resolución da comunidade autónoma, sobre a actualización da inscrición da

embarcación no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras.

3. A capitania marítima correspondente remitiralle copia da súa resolución ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a actualización dos datos rexistrados no Censo da Frota Pesqueira Operativa no prazo de dous meses, e ás comunidades autónomas para a súa notificación aos interesados.

4. O prazo máximo para resolver o procedemento de actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras será de dous anos. O cómputo do prazo iniciarase na data de presentación da solicitude a que se refire o artigo 4, de tal maneira que transcorridos dous anos sen que a comunidade autónoma lle notificase ao interesado a resolución final do procedemento, nos termos previstos no punto 3 deste artigo, entenderase desestimada a solicitude por silencio administrativo.

Artigo 7. *Inclusión no Censo da Frota Pesqueira Operativa.*

1. Os propietarios ou armadores dos buques obxecto de regularización que non figuren inscritos no Censo da Frota Pesqueira Operativa solicitaranlle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación a súa inclusión no dito censo, de conformidade co procedemento que ese departamento estableza.

2. Poderán presentar a súa solicitude no prazo de catro meses desde a notificación pola comunidade autónoma respectiva da resolución a que se refire o artigo 6.3.

Artigo 8. *Permanencia na actividade.*

Os buques regularizados deberán exercer a actividade pesqueira de forma continuada e permanecer de alta no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras durante, polo menos, dous anos para poder ser achegados como baixa nos procedementos de construción ou modernización de buques pesqueiros, sempre que reúnan os requisitos establecidos para iso.

Artigo 9. *Consecuencias da resolución desfavorable.*

Os buques que non superen o procedemento de actualización ou cuxos armadores ou propietarios non solicitasen o seu inicio daranse de baixa de oficio no Censo da Frota Pesqueira Operativa e no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, de modo que non poderán ser autorizados nin despachados para o exercicio da pesca.

Disposición adicional única. *Axudas.*

Os armadores ou propietarios non terán dereito a ningún tipo de axuda estrutural financiada con fondos públicos para lles facer fronte aos gastos derivados da regularización e actualización rexistral das súas embarcacións.

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

1. Esta lei dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.19.^a e 20.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado competencia en materia de pesca marítima, sen prexuízo das competencias que na ordenación do sector pesqueiro se lles atribúan ás comunidades autónoma, e da mariña mercante.

2. Constitúen normativa básica en materia de pesca marítima os artigos 1, 3, 5.4, 6.3, 7 e 9.

Constitúen normativa básica en materia de ordenación do sector o artigo 2, excepto o punto 4; os artigos 4 e 5, excepto os puntos 2 e 4; os puntos 1 e 4 do artigo 6; o artigo 8 e a disposición adicional única.

Constitúen normativa básica en materia de mariña mercante os artigos 1, 2.4, 3, 5.2, 6.2, 6.3 e 9.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación regulamentaria e facultade de desenvolvemento.*

1. Habilítase o Goberno para que, en caso necesario, poida regular futuras actuacións de regularización ou actualización das inscricións no Rexistro de Buques e Empresas Navieiras, así como do Censo da Frota Pesqueira Operativa de embarcacións de pesca.

2. Autorízase o Goberno e, de ser o caso, os ministros de Fomento e de Agricultura, Pesca e Alimentación para que, no ámbito das súas competencias, diten cantas disposicións ou actos sexan necesarios para o desenvolvemento e aplicación desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 22 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A presidenta do Goberno
en funcións,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

12351 LEI 10/2007, do 22 de xuño, da lectura, do libro e das bibliotecas. («BOE» 150, do 23-6-2007.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

PREÁMBULO

I

Iníciase o século XXI cunha nova concepción e definición da lectura e do libro. Durante séculos, o libro mantivo un formato singular e único, do mesmo xeito que se definía a lectura como o exercicio lector realizado polos individuos sobre os seus contidos. Na actualidade, concíbese a lectura como unha ferramenta básica para o desenvolvemento da personalidade e tamén como instrumento para a socialización; é dicir, como elemento esencial para a capacitación e a convivencia democrática, para desenvolverse na «sociedade da información». A cidadanía, a través de numerosos medios e recursos, recibe abundancia de información; mais, neste contexto, cómpre dispor da habilidade necesaria para transformar a información en coñecementos, e esta capacidade lógrase grazas ao hábito lector. Só desta maneira os cidadáns poden aspirar a participar e gozar en igualdade

das posibilidades que ofrece a «sociedade do coñecemento»: ler é elixir perspectivas desde as que situar a nosa mirada convidando a reflexionar, a pensar e a crear.

Esta Lei da lectura, do libro e das bibliotecas nace, pois, dentro do marco que avala a Constitución a favor dos principios que promoven a convivencia. Xorde como medida que atende a pluralidade de matices que encerra o concepto de «lectura» e como recoñecemento da diversidade de formatos que ofrece o concepto de «libro». Dado que é necesaria unha adecuación á nova realidade, é preciso redefinir algúns conceptos esenciais e ampliar o seu campo semántico e que se imponen necesariamente á nova realidade, obxecto desta lei.

A lectura, como proceso de descodificación mediante o cal unha persoa comprende e interioriza o sentido de signos e logra obter información e coñecemento, debe ser accesible a toda a sociedade; debe ser, polo tanto, un dereito que permita acceder ao coñecemento a toda a cidadanía en condicións de igualdade. A lectura enriquece e desenvolve a necesaria capacidade crítica das persoas; de aí que tras o acto da lectura, ademais dos valores cívicos que encerra, habite unha adquisición de habilidades que dota os individuos de recursos necesarios para o seu desenvolvemento como persoas: a vida cotiá debe estar condicionada pola capacidade lectora que contribúa ao perfeccionamento dos seres humanos.

Tanta densidade de riquezas exige aprendizaxe e esforzo por parte dos individuos, de aí que se pretenda que o seu gozo vaia tan lonxe como a biografía completa de todo cidadán.

Esta lei aspira a recoller os valores insubstituíbles da lectura e os seus contextos, polo tanto reconece e promove as accións tendentes a propiciar a súa adquisición e a desenvolver hábitos lectores, desde todos os ámbitos e administracións, respectando as competencias de cada unha delas, co fin de que se logre a maior eficacia posible e a teleoloxía desexable: unha sociedade lectora.

Esta acción, pois, non posúe data de caducidade, polo tanto, –sexa desde o sector público, tanto desde ámbitos culturais e educativos coma desde políticas sociais, ou sexa desde o sector privado–, trátase dunha tarefa inescusable que incumbe a todos. Nos países da Unión Europea estase a prestar grande atención ao fomento da lectura, sendo o noso modelo de referencia o daqueles países que alcanzan os mellores índices entre a poboación potencialmente lectora. Tamén no noso país a lectura, nos últimos anos, adquiriu un crecente protagonismo canto á súa función e importancia. A Administración xeral do Estado, as administracións autonómicas e as entidades locais impulsaron, xunto coa necesaria colaboración do sector do libro, numerosas iniciativas. Así, a inquietude pola lectura foi multiplicando a súa presenza nos medios de comunicación, foros e entidades de diferente signo e foi obxecto de preocupación e debate en toda a sociedade, especialmente no ámbito escolar. A lectura e o seu fomento considéranse unha ferramenta básica para o exercicio do dereito á educación e á cultura no marco da sociedade da información, de aí que diversos plans tenden ao seu fomento e destacan o seu interese na vida cotiá da sociedade, así como o papel fundamental que os medios de comunicación, en especial os de titularidade pública, deben ter na promoción e no fomento do hábito lector e do libro.

Un dos fitos máis importantes dese debate arredor da lectura foi o producido a raíz dos resultados de diversos informes de organismos internacionais, uns datos que cuestionaban a comprensión lectora entre os escolares adolescentes españois. Pero eses datos tiveron un efecto positivo, pois contribuíron a sinalar a importancia